



BASES DO I CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL DO CONCELLO DE CASTRO DE REI 2025

Bases do Concurso.

1. Obxecto.

O Concello de Castro de Rei, a través da súa Concellería de Infraestruturas e Comercio procede á convocatoria do *I Concurso de Escaparates de Nadal do Concello de Castro de Rei 2025*, coa finalidade de promover o comercio local, e impulsar o ambiente das festas de nadal no Concello.

2. Destinatarios.

Serán todos os establecementos comerciais situados no termo municipal de Castro de Rei, con independencia dos produtos que vendan aos consumidores.

3. Período.

O período de participación no mesmo abarcará ata o luns día 15 de decembro de 2025 ás 20:00 horas, podendo presentarse ata dito prazo que será improrrogable, todos os establecementos comerciais situados nos lugares anteriormente descritos.

4. Solicitudes para participar.

Os comerciantes interesados deberán enviar un correo electrónico ao enderezo concello.castroderei@eidolocal.es remitindo a folla de inscrición, que se achega como Anexo I das presentes bases, xunto cunha fotografía do escaparate coa finalidade de que o Concello poida subilo ás redes sociais e difundilo.

As bases do concurso e o Anexo I, estarán dispoñibles na páxina web do Concello así como na sede electrónica.

5. Requisitos.

- O tema para desenvolver será relacionado co ambiente das Festas do Nadal, exaltando os produtos de venda existentes no propio establecemento.
- Os escaparates deberán permanecer decorados no período que media entre o día 12 de decembro de 2025 e o día 7 de xaneiro de 2026.
- Os establecementos participantes deberán ter o seu escaparate iluminado e en disposición de que o Xurado poida visualizar con claridade o escaparate, cunha reseña na que se identifiquen como participantes no "I Concurso de Escaparates de Nadal do Concello de Castro de Rei 2025".
- As visitas do xurado poderán facerse en calquera momento durante o período no que os escaparates deban estar adornados, de xeito que todos aqueles comercios que participen no Concurso que no momento de ser visitados polo Xurado non estivesen decorados, de conformidade coas bases do concurso, quedarán excluídos.

6. Criterios de puntuación.

Os criterios de valoración que terá en conta o xurado serán os seguintes:



CONCELLO CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº1 – Tel. 982314034 – Fax 982314061 – C.P. 27250
C.I.F. P2701000H – R.E.L. 01270109

- Orixinalidade: de 0 a 5 puntos.
- Creatividade e dedicación: de 0 a 5 puntos.
- Tradicional: de 0 a 5 puntos.
- Deseño: de 0 a 5 puntos.
- Decoración acorde ao produto á venda: de 0 a 5 puntos.
- Atractivo comercial: de 0 a 5 puntos.

No caso de empate na puntuación obtida, o xurado establecerá o mecanismo para desempatar.

7. Premios.

Establécense os seguintes premios:

- 1º Premio: 500 €.
- 2º Premio: 300 €.
- 3º Premio: 180 €.

Estes premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

O financiamento dos premios farase con cargo á aplicación orzamentaria 430.48 (orzamento municipal 2025 do Concello de Castro de Rei).

8. Xurado.

O xurado estará composto por un máximo de 3 persoas, designadas polo Concello para este fin, de distintos ámbitos, presidido pola Concellería de infraestruturas e comercio, ou persoa que a substitúa.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web www.castroderei.gal e na sede electrónica do concello.

O xurado comprobará que os participantes reúnen as condicións requiridas nas bases, e a resultas desta comprobación procederá a outorgar aos participantes as puntuacións de conformidade cos criterios que figuran nas presentes bases e procederá a declarar aos gañadores de cada premio.

Os premios poderán quedar desertos no caso de non cumprir os requisitos mínimos esixidos.

O fallo do xurado darase a coñecer en xaneiro de 2026 a través da páxina web <https://www.castroderei.gal>, da sede electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación e redes sociais do Concello.

9. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

10. Protección de datos de carácter persoal.

As persoas participantes aceptan, mediante a súa participación neste concurso, a publicación das súas fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do



CONCELLO CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº1 – Tel. 982314034 – Fax 982314061 – C.P. 27250
C.I.F. P2701000H – R.E.L. 01270109

Concello de Castro de rei; e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

11. Dereitos de imaxe.

Cada participante manifesta e responsabilízase de que ostenta os dereitos de imaxe e propiedade intelectual sobre todo o material presentado a concurso. A aceptación da participación supón dar o consentimento ao Concello de Castro de Rei para facer uso das fotografías como parte do material promocional se así se estima oportuno.

En Castro de Rei, na data indicada na firma electrónica.

Francisco Javier Balado Teijeiro.
Alcalde do concello de Castro de Rei.
Asinado dixitalmente á marxe.